

Catro. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Tipo impositivo.

O imposto exixirase ao tipo de 830,25 euros por hectolitro de alcohol puro, sen prexuízo do disposto nos artigos 23, 40 e 41.»

Cinco. O punto 5.º das alíneas a) e b) do punto 2 e o punto 4 do artigo 40 quedan redactados como segue:

«5.º Tipo de gravame. O imposto exixirase ao tipo de 726,54 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 565,66 euros por hectolitro de alcohol puro. O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 41.»

«4. Introducción de bebidas derivadas fabricadas noutros Estados membros por pequenos destiladores.

O tipo aplicable en relación coas bebidas derivadas fabricadas por produtores independentes situados noutros Estados membros que obteñen una produción anual que non exceda de 10 hectolitros de alcohol puro, será de 726,54 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 565,66 euros por hectolitro de alcohol puro.»

Seis. O artigo 41 queda redactado como segue:

«Artigo 41. Réxime de colleiteiro.

Cando as bebidas derivadas obtidas en réxime de destilación artesanal se destinen directamente desde fábrica ao consumo dos colleiteiros, na forma e coas condicións que se establezan regulamentariamente, o tipo impositivo aplicable será de 195,98 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo aplicable será de 151,86 euros por hectolitro de alcohol puro. A aplicación destes tipos limitarase á cantidade de bebida equivalente a 16 litros de alcohol puro por colleiteiro e ano.»

**Artigo terceiro.** Modificación dos tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco.

O artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactado como segue:

«Artigo 60. Tipos impositivos.

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 12,71 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: Estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 54,95 por 100.

b) Tipo específico: 4,20 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: 38,46 por 100.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 22,87 por 100.»

**Disposición derradeira única.** Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**15424** *ORDE APU/2872/2005, do 15 de setembro, sobre procedemento de concesión de subvencións para reparar os danos causados por incendios forestais ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo. («BOE» 223, do 17-9-2005, e «BOE» 225, do 20-9-2005.)*

Como consecuencia das graves secas que padece España e as altas temperaturas que se están rexistrando no período estival, o risco de que se produzan incendios e de que estes teñan efectos devastadores é extraordinariamente alto. Por desgraza xa se produciu algunha destas situacións.

Por iso, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 22 de xullo de 2005, dispuxo a aprobación do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo (Boletín Oficial del Estado número 175 do día 23 de xullo), polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, validado polas Cortes Xerais mediante Resolución do 28 de xullo de 2005 (Boletín Oficial del Estado número 184 do día 3 de agosto).

No seu artigo 11, faculta o Ministerio de Administracións Públicas para propoñer o pagamento das subvencións ás entidades locais, destinadas ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas municipais, así como da rede viaria das deputacións provinciais e a establecer o procedemento para a súa concesión, seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Por outro lado, o artigo 1 do citado Real decreto lei dispón, no seu punto primeiro, que as medidas establecidas no capítulo primeiro, artigos 1 ao 12, se aplicarán ás persoas e bens afectados polo incendio acaecido entre os días 16 e 20 de xullo de 2005 na provincia de Guadalajara; e que, así mesmo, o Goberno mediante real decreto poderá declarar a aplicación das medidas previstas no devandito capítulo primeiro a outros incendios de características similares que acaecesen ou poden acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005 (punto segundo, artigo 1).

Conforme este segundo punto do artigo 1, aprobouse o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, que veu facilitar a aplicación das medidas urxentes adoptadas nel, destinadas a paliar, no posible, os danos causados polo incendio na provincia de Guadalajara o pasado 16 de xullo, así como a incluír, dentro do seu ámbito de aplicación, os danos ocasionados polos incendios que se orixinaron en Extremadura o pasado 21 de xullo.

En consecuencia, guiados polos conceptos de racionalización e mellora da eficiencia, é preciso establecer o procedemento que se ha seguir para a concesión e tramitación, non só das subvencións mencionadas no Real decreto lei 11/2005 e no Real decreto 949/2005, senón tamén en calquera outro real decreto que, ao abeiro do previsto no artigo 1.2 do real decreto lei anteriormente citado, se poida ditar; así como a información sobre o estado de execución das obras e o control da aplicación das subvencións á súa finalidade.

En cumprimento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, pola cal se facultan os titulares dos distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para que ditén as disposicións necesarias e establezan os prazos para a execución das medidas previstas nel, dispoño:

Primeiro. *Ámbito territorial de aplicación.*—As subvencións obxecto desta orde serán de aplicación:

a) Aos municipios e núcleos de poboación relacionados no artigo 1.2.a) e b) do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo.

b) A calquera outro municipio e núcleo de poboación que por ter padecido, desde o 1 de abril de 2005 ou padecer ata o 1 de novembro de 2005, incendios forestais de efectos catastróficos, determine o Goberno mediante real decreto, ao abeiro do previsto no artigo 1.2 do Real decreto lei 11/2005.

Segundo. *Fins das subvencións.*—As subvencións previstas nesta orde destinaranse a obras de reparación ou restitución de infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais de Guadalajara, Cáceres e Badajoz, así como a calquera outra deputación provincial, cabidos ou consellos insulares afectados polas declaracións que efectúe o Goberno, mediante real decreto.

Terceiro. *Redacción e remisión dos proxectos técnicos ou orzamentos das obras.*

1. No prazo de dous meses desde a publicación desta orde no Boletín Oficial del Estado, as deputacións provinciais interesadas, de oficio ou, de ser o caso, por instancia dos concellos afectados remitiranlle ao subdelegado do Goberno nas provincias respectivas os proxectos técnicos ou, cando se trate de actuacións previstas no artigo 56 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, os orzamentos correspondentes ás obras de reparación ou restitución.

2. No caso de que as deputacións provinciais interesadas non remitan os proxectos técnicos ou os orzamentos dentro do indicado prazo, os concellos afectados poderán facelo subsidiariamente, no prazo dun mes desde o vencemento daquel.

Cuarto. *Informe dos proxectos técnicos ou dos orzamentos pola Comisión de Asistencia ao subdelegado do Goberno.*—No prazo de quince días desde a finalización dos prazos previstos no punto anterior, a Comisión de Asistencia ao subdelegado do Goberno nas provincias interesadas emitirá informe sobre os proxectos técnicos ou orzamentos comprensivo dos seguintes aspectos:

a) Que a tipoloxía das obras corresponde á contida no punto segundo desta orde.

b) Carácter das reparacións ou restitucións, relativo a se as obras propostas se acomodan ás infraestruturas preexistentes ou implican alteracións delas, en cuxo caso só serán obxecto de subvención aquelas modificacións que se consideren necesarias para a súa mellora técnica. En caso de que as variacións introducidas non se considerasen xustificadas, a Comisión de Asistencia ao subdelegado do Goberno comunicarllelo motivadamente á deputación provincial, ou se é o caso, aos concellos afectados.

c) Valoración das obras e orde de prioridade entre elas, atendendo a criterios de necesidade, co fin de poder axustar, se as circunstancias o requiren, as disponibilidades crediticias ás demandas presentadas.

d) Que as obras que, por telo requirido a correcta prestación dos servizos, fosen adxudicadas a contratistas ou acordada a súa execución directa pola propia Administración, con anterioridade á entrada en vigor desta orde ministerial ou dos reais decretos polos cales se inclúan outros entes territoriais no ámbito de aplicación do Real decreto lei 11/2005, cumpren cos requisitos anteriormente indicados.

Quinto. *Asignación das subvencións.*

1. O subdelegado do Goberno nas provincias afectadas remitirá á Dirección Xeral de Cooperación

Local, do Ministerio de Administracións Públicas, o informe sinalado no punto anterior, dentro do prazo de 10 días desde a expiración do prazo para a súa emisión, acompañado dunha relación cuantificada e priorizada dos proxectos técnicos ou dos orzamentos que, tendo emitido informe favorable a Comisión de Asistencia, deban recibir subvención, mediante o modelo que figura como anexo I para cada entidade local. Na devandita relación deberán sinalar as obras xa adxudicadas conforme o previsto na letra d) do punto anterior.

2. En vista da relación e do informe, o director xeral de Cooperación Local, por delegación do secretario de Estado de Cooperación Territorial segundo o disposto na orde de delegación de competencias do departamento, asignará as subvencións ás deputacións provinciais interesadas, logo da comprobación da súa conformidade ao establecido nesta orde. A citada asignación das subvencións efectuarase con cargo ao crédito previsto no artigo 11 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.

Sexto. *Contía e límites da subvención estatal.*

1. A subvención do Estado será de ata o 50 por cento do importe dos proxectos técnicos ou dos orzamentos das obras.

2. O resto do importe das obras poderá ser financiado mediante achegas dos concellos afectados, se é o caso, e das subvencións que poidan conceder as correspondentes deputacións provinciais e comunidades autónomas interesadas.

3. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Sétimo. *Programa de financiamento das obras.*

1. Tendo en conta a relación de proxectos dos cales emitiron informe favorable as subdelegacións do Goberno nas provincias afectadas, a que fai referencia o punto quinto, as deputacións provinciais elaborarán e aprobarán un programa de financiamento, detallado por obras, en que se especificarán todos os axentes de financiamento e o importe das súas respectivas achegas, segundo o modelo que consta como anexo II.

2. O devandito programa de financiamento será remitido polas deputacións provinciais á Dirección Xeral de Cooperación Local, no prazo dun mes desde que esta lle notificase a concesión das subvencións.

Oitavo. *Adxudicación, remate e seguimento das obras.*

1. As deputacións provinciais interesadas e, de ser o caso, os municipios afectados procederán á execución das obras. Se non se tivesen adxudicado ou non se acordase a súa execución directa pola propia Administración no momento da entrada en vigor desta orde, os acordos de adxudicación a contratistas ou de execución directa deberán efectuar no prazo de catro meses desde a notificación da concesión das subvencións pola Dirección Xeral de Cooperación Local.

2. As obras deberán quedar totalmente rematadas dentro do ano seguinte ao do vencemento do prazo de catro meses indicado no parágrafo 1 anterior.

3. As deputacións provinciais daránlle conta do estado de execución das obras á Dirección Xeral de Cooperación Local, dentro do mes seguinte ao vencemento de cada semestre natural, utilizando para tal efecto o modelo do anexo V.

Noveno. *Ampliación de prazos.*

1. Os prazos previstos nesta orde poderán ser ampliados pola Dirección Xeral de Cooperación Local, se a xuízo desta existe causa xusta, de oficio ou por instancia das entidades interesadas.

2. A solicitude de ampliación dos devanditos prazos deberase remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local antes do vencemento dos establecidos con carácter xeral, co fin de poder resolver sobre ela, aplicándose o disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas modificacións introducidas pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. A solicitude expresará a duración da prórroga que se pide, os motivos que a fundamentan e, sempre que sexa posible, a xustificación documental. Poderase efectuar por medios informáticos, electrónicos e telemáticos sempre que permitan acreditar a súa constancia.

3. De acordo co disposto no artigo 49.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas modificacións introducidas pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, as resolucións de prórrogas deberán ser notificadas aos interesados.

Décimo. *Procedemento de pagamento.*—Con base nas certificacións de adxudicación das obras subvencionadas ou nos acordos de execución destas pola propia Administración, segundo os modelos dos anexos III e IV, o Ministerio de Administracións Públicas libraralles ás deputacións provinciais a totalidade da subvención asignada a cada obra.

As deputacións provinciais deberán presentar na Dirección Xeral de Cooperación Local a correspondente carta de pagamento, na cal consignarán a normativa a cuxo abeiro se concedeu aquela, o importe da subvención, así como o número de obra, no prazo de trinta días desde a data da súa realización.

Undécimo. *Liquidación das subvencións.*—As deputacións provinciais presentarán na Dirección Xeral de Cooperación Local a liquidación das subvencións, dentro dos tres meses seguintes á finalización do prazo, xeral ou prorrogado, de remate das obras, no modelo que figura no anexo VI.

Duodécimo. *Reintegro de subvencións.*—As subvencións que non se aplicasen á súa finalidade dentro do prazo de execución establecido no punto oitavo deberán ser reintegradas ao Tesouro Público, xunto co xuro de demora desde o momento do seu pagamento, de confor-

midade co procedemento establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira. *Prazos aplicables para a obtención de subvencións polas entidades territoriais que, ao abeiro do artigo 1.2 do Real decreto lei 11/2005, se poidan incluír no ámbito de aplicación desta orde, de conformidade co previsto na disposición primeira b.*

Os prazos fixados na disposición terceira (Redacción e remisión dos proxectos técnicos ou orzamentos das obras) computaranse, desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial del Estado do real decreto polo cal se inclúan no ámbito de aplicación das medidas previstas no capítulo I do Real decreto lei 11/2005.

Comezaranse a computar desde a finalización dos prazos sinalados no parágrafo anterior todos os demais referidos nesta orde, tendentes ao cumprimento dos trámites requiridos para a obtención das subvencións, que se establecen nos puntos seguintes:

a) Punto cuarto, informe dos proxectos técnicos ou orzamentos polas comisións de asistencia ao subdelegado do Goberno.

b) Punto quinto, remisión do citado informe á Dirección Xeral de Cooperación Local, polos subdelegados do Goberno.

Disposición adicional segunda. *Referencias a outras entidades territoriais e órganos periféricos.*

a) Todas as referencias contidas nesta orde ás deputacións provinciais, entenderanse feitas aos cabidos e consellos insulares, así como ás comunidades autónomas uniprovinciais, no suposto de que mediante real decreto e ao abeiro do previsto no artigo 1.2 do Real decreto lei 11/2005, o Goberno inclúa no ámbito de aplicación deste outros entes territoriais.

b) No suposto previsto no punto anterior, todas as referencias contidas aos subdelegados do Goberno, entenderanse feitas ao delegado de Goberno cando así proceda.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 15 de setembro de 2005.

SEVILLA SEGURA

**ANEXO I****Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.**

*Relación cuantificada dos proxectos técnicos ou orzamentos dos cales emitiu informe favorable a Comisión de Asistencia ao delegado/subdelegado do Goberno e propostos á Dirección Xeral de Cooperación Local para a obtención de subvención estatal.*

CC.AA/PROVINCIA/ILLA:.....						
Municipio	Núcleo de poboación	Obra		Importe en euros		
		Número (1)	Denominación	Reposición	Alteracións	Total

(1) Asignarase numeración correlativa.

Don/Dona..... secretario/a da Delegación/Subdelegación do Goberno na Comunidade Autónoma/Provincia de.....  
CERTIFICO que esta relación de proxectos técnicos e orzamentos foi proposta para a obtención de subvención estatal de acordo co informe favorable da Comisión de Asistencia ao delegado/subdelegado na súa sesión do ..... de ..... de .....

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, expido esta certificación, de orde e co visto e praxe do delegado/subdelegado do Goberno , ..... de ..... de .....

(Sinatura de secretario/a)

Visto e praxe  
O delegado/subdelegado do Goberno,

**ANEXO II****Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.****PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DAS OBRAS**

Obra			Municipio	Núcleo de poboación	Programa de financiamento expresado en euros					
Número	Denominación	Código			Orzamento	Participes				
						A.G.E. (MAP)	Com. Autónoma	Deputación	Concello	Outros

Don/Dona ..... en calidade de .....

CERTIFICO que este programa de financiamento foi aprobado por ....., con data ..... de ..... de .....

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, expido esta certificación, de orde e co visto e praxe do ..... , o ..... de ..... de .....

(Sinatura do/a secretario/a)

Visto e praxe  
O/A .....

**ANEXO III****Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.**

ENTIDADE.....

ANO DO PLAN: **200**\_

(importes en euros)

**CERTIFICADO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS**Don/DonaSecretario(a) de (entidade local contratante)

CERTIFICO que esta entidade adxudicou o contrato da obra cuxas circunstancias se expresan a continuación:

**I. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

<b>1. OBRA Nº :</b>	
a) Denominación:.....	
<b>2. MUNICIPIO:</b>	b) Código de identificación .....
a) Denominación:.....	
<b>3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN:</b>	<b>4. FORMA DE ADXUDICACIÓN:</b> .....
Aberto, restrinxido ou negociado.	Poxa ou concurso, se o procedemento de adxudicación é aberto ou restrinxido
<b>5. OUTROS SUPOSTOS DE CONTRATACIÓN:</b> .....	
Contrato menor, emerxencia, etc.	
<b>6. CONTRATISTA:</b>	b) CIF/ NIF .....
a) Denominación:.....	
<b>7. DATA ADXUDICACIÓN:</b> .....	

**II. DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO**

PARTÍCIPIES	1 ORZAMENTO DO PROXECTO	2 ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	3 BAIXA (1-2)
1. Subvención a través do M.A.P			
2. Deputación			
3. Comunidade Autónoma			
4. Concello			
5. Outros			
<b>TOTAIS</b>			

**III. IMPORTE DEFINITIVO SUBVENCIÓN M.A.P.**

(en proporción á adxudicación do contrato, importe reflectido na columna 2.1)

--

E para que conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos do cobramento da subvención a cargo da Administración Xeral de Estado, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do ..... en ..... de ..... de.....

(Sinatura do/a secretario/a)

Visto e prace

O/A .....

## ANEXO IV

Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.

ANO DO PLAN: 200\_  
(importe en euros)

ENTIDADE: .....

**CERTIFICADO DA RESOLUCIÓN OU ACORDO DE EXECUTAR DIRECTAMENTE AS OBRAS POLA PROPIA ADMINISTRACIÓN**

Don/Dona

Secretario(a) de (entidade local executante)

CERTIFICO que esta entidade resolveu executar directamente, pola propia Administración, a obra cuxas circunstancias se expresan a continuación:

## I. EXECUCIÓN DA OBRA

1. OBRA Nº :	
a) Denominación: .....	
2. MUNICIPIO:	
a) Denominación: .....	b) Código de identificación .....
3. SUPOSTO DO ARTIGO 152 texto refundido da LCAP: .....	
<i>Consignese a letra que proceda do punto 1 do artigo 152 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.</i>	
4. ÓRGANO AUTORIZANTE: .....	DATA DA RESOLUCIÓN OU ACORDO: .....

## II. DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO

PARTÍCIPIES	1 ORZAMENTO DO PROXECTO	2 IMPORTE DE EXECUCIÓN	3 DIFERENZA (1-2)
1. Subvención a través do M.A.P			
2. Deputación			
3. Comunidade Autónoma			
4. Concello			
5. Outros			
<b>TOTAIS</b>			

III. IMPORTE DEFINITIVO SUBVENCIÓN M.A.P. (en proporción ao importe de execución, cantidade reflectida na columna 2.1)

--

E para que conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos do cobramento da subvención a cargo da Administración Xeral de Estado, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do ..... en ..... o ..... de ..... de .....

(Sinatura do/a secretario/a)

Visto e prace  
O/A.....

**ANEXO V****Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.**

Información sobre o ESTADO DE EXECUCIÓN das obras correspondente ao ..... semestre natural de .....

(importe en euros)

Municipio	Núcleo de poboación	Nº da obra	Denominación	Importe de adjudicación	ESTADO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS				Observacións
					Execución semestre anterior	Execución semestre actual	Total executado	Pendente de execución	
					a) Total	a) Total	a) Total	a) Total	
					b) Subv. MAP	b) Subv. MAP	b) Subv. MAP	b) Subv. MAP	
TOTALS a)									
b)									

Don/Dona ..... en calidade de .....

CERTIFICO que dos documentos xustificativos da execución das obras resultan os datos que se consignan no estado demostrativo anterior.

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do ....., o ..... de ..... de .....

(Sinatura do/a secretario/a)

Visto e prace  
O/A .....

**ANEXO VI****Subvencións para obras de reparación ou restitución de infraestruturas locais danadas por incendios forestais, ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo de 2005.****LIQUIDACIÓNS DAS SUBVENCIÓNS**

(importe en euros)

Municipio	Núcleo de poboación	Obra		Importe de adjudicación	Obras rematadas	Data de terminación da obra
		Número	Denominación			
		a) Total	a) Total			
				b) Subvención MAP	b) Subvención MAP	
				a)	a)	
				b)	b)	

Don/Dona ..... en calidade de .....

CERTIFICO que segundo os documentos xustificativos da execución das obras, estas foron rematadas co importe e na data que se indicaron anteriormente.

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do ....., o ..... de ..... de .....

(Sinatura do/a secretario/a)

Visto e prace  
O/A .....

(Esta Orde inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 225, do 20 de setembro de 2005.)